

Programa de artes escénicas

Esta iniciativa ten como obxectivos difundir o panorama actual nas artes escénicas e as artes vivas, favorecer o intercambio e o contraste de experiencias entre os e as profesionais do sector e aumentar o coñecemento e as boas prácticas no deseño de políticas e proxectos escénicos que impulsen a inclusión, a xustiza social, a integración de comunidades ou colectivos nos mecanismos de visibilidade no espazo público, os proxectos de educación especial inclusiva e o desenvolvemento de novas audiencias e públicos para unhas artes escénicas sensibles coa diferenza.

Este proxecto obedece ao deseño dunha liña de traballo que consideramos esencial: promover o papel relevante das artes escénicas e as artes vivas como vehículos de integración e vertebración social e tamén como un campo que en si mesmo debe estar aberto a todas as persoas e a todos os colectivos. As experiencias seleccionadas para formar parte deste programa de dous días céntrase naqueles proxectos escénicos que fomentan a creatividade, o gozo das artes e a participación da sociedade nunha actividade caracterizada polo progreso e enriquecemento cultural e persoal para todos os grupos e persoas que integramos a sociedade.

INTEGRACIÓN NAS ARTES E INTERCULTURALIDADE

Arte e integración social

Bárbara Monteagudo e Carlota Pérez

Xoves 25 de xuño 20:00 horas **Arteandanzas** / Compañía 5S

Fachada exterior de San Martiño Pinarío

Esta compañía creada en 2009 reflexiona sobre o concepto de desapego desde diferentes disciplinas artísticas. 15 persoas con distintas capacidades presentan unha posta en escena onde a danza, o teatro e a música en directo son os protagonistas da historia. 5S está formada por persoas de tódalas idades e con diversas funcionalidades (invidentes, con parálises cerebral, síndrome de down, menores, migrantes, terceira idade...).

Xoves 25 de xuño 20:00 horas.

Fachada de San Martiño Pinarío

Aurar / O Incidente D-T. Leodan RC. Artur Lago, Leodan Rodriguez. Musica Base.

Aurar é un encontro entre o Break Dance e Danza Contemporanea. Onde se traballa na estética e a emoción de ambos os movementos. duración. 10 mn.

MOSTRA DAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DE FUSIÓN E EXPLORACIÓN EN DANZAS DO MUNDO E DO GRUPO DE TEATRO DA ONCE.

Lino Braxe

Venres 26 de xuño 20:00 horas

Salón Teatro. Entrada libre / 1 hora 30 minutos

Posta en escena de 6 pezas de 15 minutos cada unha, resultantes dos traballos exploratorios da semana entre grupos de diferentes lugares: Galicia, India, Arxentina, países árabes... Este encontro partirá dunha residencia artística na aldea de Boán en Chantada no mes de xuño onde se presentará o traballo final.

ENCANTRO DE ARTE E DIVERSIDADE

Sábado 27 de xuño 18:00 horas

Cidade da Cultura. Entrada libre

Desde o mes de xaneiro de 2015, o equipo organizador do festival seleccionará grupos de danza e música de colectivos en risco de exclusión social de diferentes países e grupos que leven a cabo proxectos en Santiago de Compostela, fomentando o encontro da diversidade e da creación de proxectos artísticos. Reuniranse nun espazo común mostrando fragmentos das distintas creacións e participarán nunha mesa redonda.

O MUNDO NAS TÚAS MANS

Sábado 27 de xuño 18:00 horas

Cidade da Cultura

Espectáculo de danza, música e audiovisual para bebés e familias onde se tratará a importancia de coñecer o mundo desde a infancia e de aprender a relacionarnos ben desde que somos moi pequenos/as.

O TERCEIRO SORRISO

Sábado 27 de xuño 19:00 horas.

Cidade da Cultura. Entrada libre

Tras o proxecto piloto realizado nunha residencia da terceira idade en Chantada, onde dez maiores e dez nenos e nenas do pobo e de casas de acollida, acompañados polas persoas coidadoras, realizan un obradoiro de danza e artes plásticas durante tres días. Comprobamos a necesidade de unir a través da arte maiores e pequenos/as nun proxecto conxunto con música en directo a cargo da Banda de Música de Chantada.

Este espectáculo proxecta a visión dun novo modo de entender as relacións humanas, onde a música adaptada ao traballo de creación porá a banda sonora aos imaxinarios de ambos colectivos. Durante o mes de maio e xuño de 2015 traballarase no Concello de Chantada, na Casa da Cultura, dúas veces por semana e levarase a cabo un seguimento audiovisual durante todo o proceso que dará lugar a unha reportaxe. O espectáculo mostrarase no campo da feira do Concello o sábado 21 de xuño e no Teatro Principal de Santiago de Compostela.